

Gabanza, tan merecida, ao mestre da memoria EMILIO ESPAÑADERO

Saúde e océano!

Emilio Españañadero é nomeado mestre da memoria e xa se escoitan en Bergantiños regueifas de alegría, brindos a oito nos outeiros dos Ancares, e desafíos de festa pola raia de Portugal.

*O Emilio Españañadero
locutor de moita sona,
hai que ter moito talento
pra ser mestre da memoria.
Porque mestre da memoria
non nomean a calquera.
Moitos anos leva aceso
o seu Lume na Palleira.*

A modestia é proba de sabedoría, por iso, por sabio Emilio é especialmente modesto. Mais como é un mestre, a el acontécelle o que lle acontece aos máis grandes. Cuspidiño, cuspidiño a Pucho Boedo. Dicía Pucho que el non precisaba carné de identidade, todo o mundo o coñecía.

Tal lle sucede a Emilio. Non existe ningún artista, neste país, non existe ningunha persoa vencellada ao folk e mais á música tradicional, que non manteña unha relación persoal con Emilio. Por suposto programou a súa música na radio, seguro que lle fixo varias entrevistas. E, o máis importante, a inmensa maioría das persoas que integran este colectivo foron tecendo con el ao longo dos anos unha verdadeira amizade.

Si, Emilio é un referente, unha bendición para todo o país.

Grazas ao seu traballo constante e entusiasta, grazas ao seu talento a Radio Galega é máis radio, é máis galega.

Neste tempo de frío e corisco, velaí esta Lume na Palleira, a nós dar solaz. Casa do encontro, ao redor desa brasa acesa, o piloto acendido do seu micrófono.

Somos un pobo de artistas! Mais desgraciadamente ese patrimonio, ese caudal de creatividade é invisíbel para os grandes medios de comunicación. Para todos, non. Hai un que nunca falla: Lume na Palleira.

A Radio Galega naceu –así o dicía o artigo 1º da Lei de Creación da Compañía– para a promoción da lingua e da cultura deste país.

Non é o momento de críticas. O importante é que, diante perguizas doutros, Emilio enche de plenitude ese mandato. Un medio público, que brilla porque dá servizo a toda a sociedade. Porque o seu alimento, o seu tesouro, a marabilla que amplifica, é a creatividade dos grandes artistas –mulleres e homes– desta terra.

Por iso Lume na Palleira é un fenómeno cultural que traspasa xeracións e une a persoas moi diferentes. Pois iso Lume na Palleira converteuse nun clásico indestrutíbel. Un espazo que mesmo lle crea en materia tecnolóxica problemas á emisora. Xa sabedes, cada vez que Emilio nos convida a facer unha chamada colápsanse os teléfonos todos.

Amizade, conversa distendida e erudición maior: Falo de *O recuncho da palleta*. Minutos dourados. Erudición nos misterios máis requintados na música tradicional, da man- os mestres sempre traballan en equipo- de moitas outras mestras e mestres da Asociación de Gaiterías e Gaiteros Galegos.

Lume na Palleira, creador das súas propias tradicións: En concreto, dunha cita imprescindible: O programa que cada ano realiza en Ortigueira.

Tanto ten o que achegue o cartaz. Sabemos que o festival nunca nos vai defraudar. Temos unha garantía: Alí está en directo Emilio Españañero.

As cousas bonitas non nacen por casualidade. A empatía de Emilio esténdese entre as súas compañeiras e compañeiros.

Quero citar a Xosé Manuel Amado no nome de todos os técnicos de son.

E quero citar, é de xustiza, a outro mestre, Xosé Luís Freire. A música galega inventouna el. Ou polo menos alí estaba nos momentos realmente importantes. Promoveu as gravacións, marabilla das marabillas, de Florencio da Fontaneira, o cego dos Vilares, o último cego andante. Entre outros moitos clásicos, foi produtor do disco de Pablo Quintana. Freire xa naceu sendo músico. Por iso de moi novo foi reclamado por un fato de rapaces aquí en Lugo que precisaban con urxencia do seu impulso. Chamábanse: Fuxan os Ventos.

Pois ben Freire foi tamén, o que tivo a intuición, perdón, no seu caso a sabedoría, de atraer cara a Radio Galega o talento de Emilio. Lume na Palleira: XXV temporadas na grella da radio pública. Aquel programa que hai XXX anos principiara a súa andaina en Onda Cero, con Emilio e Bieito Romero.

Estoume estendendo moito. Seino, fago ben. Estou feliz.

Que labor máis fermoso pode haber que honrar publicamente a un mestre, a unha persoa que admiras?!

Só queda lembrar o evidente. Emilio é mestre da memoria en primeiro lugar e, sobre todo, porque é músico.

Bombeiro dunha formación mítica: Os Rexumeiros de Elviña.

O bombo, ese instrumento discreto no que, nun primeiro momento, non adoita reparar o espectador, mais absolutamente fundamental. O bombo, pulso telúrico, sobre o que se constrúe todo o alto edificio do ritmo e mais da harmonía.

O bombo, un instrumento que tan ben representa ao propio Emilio.

Cada golpe do mazo, vibración profunda, é unha aperta en expansión. Rito e chamada, espazo para o encontro.

O bombo que reclama a creatividade en colectivo. Esa mesma onda de amizade que crea Emilio cada vez que se achega ao micrófono: *Esta é a vosa casa, aquí hai sitio para todos. Compartimos o mellor que temos: a música para transmitir felicidade!*

Emilio Españañero, palabra que dá vida, que mesmo nos fai sentir a través do micrófono –prodixio radiofónico– a característica que mellor o define: o seu sorriso.

Falamos dun mestre da memoria, falamos dun mestre da música galega. Xa botamos un brindo, para ir rematando chega o tempo de botar outra cantarea. E esta sei que lle presta ben:

I can't get no satisfaction,

I can't get no satisfaction

'Cause I try and I try and I try and I try

I can't get no, I can't get no.

Emilio, porque ama a música, é roqueiro, mesmo é punki.

Erudito maior nos Rolling Stones. Na súa biografía aquel encontro con Lenni, vocalista de Motor Head. Conseguiu coarse no *backstage* para coñecer o seu ídolo. Lenni quedou enfeitizado polo chaleco, que Emilio levaba, de pel de vaca. Quixo quedar con el, mercándollo ou como for. Momento de alta tensión. Díxolle Emilio: *Amiguiños si – moito rock and roll– pero a vaquiña polo que vale.*

Para el non existen fronteiras, tribos, nin seitas. E todas músicas valen sempre que participen dun elemento, misterio inefable: a emoción!

Moitas grazas, mestre! Agora si botamos a regueifa!

*E antes de me marchar
vou berrar do máis a dentro:
Medre a música galega,
medre Emilio Españadero!*

Sorprendentemente Emilio contestou esta cantiga:

*Vai parando, vai parando
vai parando Xurxo Souto.
Porque se sabes cantar,
nós tamén cantamos todos.*

Admirouse Xurxo e cantou:

*Sabía que eras artista
tamén lle dás ao repente.
Abofé que calo a boca,
agora que fale o mestre!*

*Xurxo Souto,
23 de outubro de 2020*